



Concello de Vilaboa

CONVOCATORIA PARA AS CONCESIÓN DE AXUDAS COVID MEDIANTE A “CAMPAÑA DE BONOS CONSUMO EN VILABOA” PARA OS VECIÑOS DE VILABOA E OS SECTORES AFECTADOS POLA PANDEMIA

OBXECTO E NATUREZA.

A COVID-19 provocou unha fonda crise económica no conxunto do Estado e, en particular, no noso Concello, unha situación sanitaria sen precedentes e con claras repercusións na economía tanto nas familias como no tecido empresarial, que levou a todo tipo de entidades públicas e/ou privadas, cada unha delas no ámbito das súas competencias, a intentar establecer mecanismos de compensación nos diversos sectores afectos.

A declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e posteriormente polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, trouxo consigo importantes restricións recollidas nas distintas normativas, tanto estatais como autonómicas, polas que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID - 19.

A creación desta liña de subvencións resposta á demanda de que as familias reciban a solidariedade de todos e todas, a través do Concello, poñendo en marcha un plan de apoio e o mesmo tempo axudar tamén ao sector da restauración do Concello de Vilaboa, inxectando 10.000 € para contribuír a superar a parálise económica derivada do COVID-19 e reactivar así a sociedade e a economía.

A aprobación desta normativa dotará de transparencia e seguridade xurídica a todo o procedemento de concesión que se porá en marcha, redundando de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencionable.

Visto o escrito recibido da D. Xeral de Administración Local de marzo de 2021, e contestación á consulta para sacar axudas que palién a situación económica dos sectores máis afectados indican que non é preciso o informe de duplicidade para a aprobación por esa entidade local de futuras axudas destinadas a paliar as consecuencias económicas da pandemia do COVID19 sempre e cando as axudas estean motivadas e vinculadas cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus.

Visto canto antecede, propónse a adopción do seguinte:

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387

CÉSAR POZA GONZÁLEZ (1 para 1)
Nome: cesarpoza
Data: 14/12/2021
HASH: ab804401aeb30aebabdbfb10d27cb



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QFE9YTEF7YG | Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 14



Concello de Vilaboa

ACORDO

Aprobar as Bases específicas que rexerán a concesión de subvencións dirixidas a incentivar o consumo da cidadanía no sector da restauración ante os efectos económicos da Covid-19, co texto que se insire a continuación:

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MEDIANTE “CAMPAÑA DE BONOS O CONSUMO EN VILABOA” PARA REACTIVAR A ECONOMÍA LOCAL FRONTE OS EFECTOS ORIXINADOS POLA COVID-19

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

1.- No contexto socioeconómico actual, marcado pola excepcionalidade da pandemia do coronavirus COVID-19 e a conseguinte declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas prórrogas, é vontade do Concello de Vilaboa colaborar no alivio da carga económica da restauración local e fomentar a pronta recuperación das economías locais a través da reactivación da actividade empresarial.

Por este motivo, o goberno local pon á disposición dos veciños e veciñas do Concello de Vilaboa uns bonos de consumo local para a reactivación económica e social da localidade, que fomentarán o consumo nos establecementos pertencentes o sector da restauración, promovendo a sostibilidade das persoas autónomas e empresas do Concello de Vilaboa. Do mesmo modo, esta iniciativa pode axudar a fidelizar e captar nova clientela, así como sensibilizar aos cidadáns da importancia de consumir na súa restauración local.

2.- As presentes bases teñen como principal obxectivo acadar a través dos bonos consumo unha pronta recuperación económica.

2. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Os artigos 22 a 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. (En adiante LXS)
- Os artigos 55 a 64 do Regulamento da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de Xullo. (En adiante RXS).
- Os artigos 5 a 25 da Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de Subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (En adiante LPACAP).
- Artigo 3.3 da lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QRFE9YTFE7YG | Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 14



Concello de Vilaboa

3. DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN PROMOCIONAL

Trátase dunha iniciativa de axuda aos cidadás, que tamén repercutirá positivamente nas empresas de restauración de proximidade local, consistente na emisión dos bonos de consumo que se concederán ás persoas físicas empadroadas en Vilaboa.

Os bonos estarán enumerados e sinalizados cos nomes dos establecementos eleixidos e os técnicos da Concellería levarán o control de qué bonos se adxudican a cada establecemento, así como a persoa/as a quen se lle asigna cada bono.

Esta campaña de axudas consistirá en ofrecer bonos de 5 € e 15 € ás persoas físicas que presenten a súa solicitude e reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases conforme o seguinte cuadro:

TIPO DE BONO	TIPO DE ESTABLECIMENTO	AXUDA ASUMIDA POLO CONCELLO
BONO 5 €	BARES E CAFETERÍAS	5.00 €
BONO 15 €	RESTAURANTES	15.00 €

A partida total de 25.000 € distribuirase entre o total de solicitudes presentadas e que cumpran os requisitos previstos nas presentes bases, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión

Do total do orzamento o 25% da cantidade concedida emitirase en Bonos de 5.00 € e o 75% da restante en bonos de 15.00 €

Os bonos non serán canxeables para o consumidor por diñeiro en efectivo, polo tanto, non se devolverá o diñeiro correspondente aos mesmos en ningún caso.

4. ENTIDADES BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Serán beneficiarias do programa de bonos consumo as persoas físicas maiores de idade, empadroadas no Concello de Vilaboa, que dispoñan do DNI ou NIE, que soliciten os 2 bonos consumo, un para restaurante e outro para bar/ cafetería e os descuenten das súas consumicións no establecementos adheridos ao programa **"CAMPAÑA DE BONOS O CONSUMO EN VILABOA"**

Requisitos e obrigas dos beneficiarios:

- O importe dos bonos ten a consideración de subvención municipal, a mera solicitude dos mesmos efectuada polo beneficiario e a obtención do desconto nas consumicións realizadas, conleva a cesión do dereito ao cobro do establecemento adherido no que se realiza o consumo.

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QFE9YTFE7YG | Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 14



Concello de Vilaboa

- A participación no programa de bonos implica atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, a Facenda Municipal e coa Seguridade Social.
- A participación no programa de bonos implica a aceptación das presentes bases.

5. ESTABLECEMENTOS COLABORADORES

Serán colaboradores do programa de bonos consumo os titulares dos establecementos de restauración que se adhiran voluntariamente ao mesmo, aceptando recibir o bono e descontar o seu importe das compras realizadas polos beneficiarios consumidores.

Requisitos e obrigas dos colaboradores:

Poderán acollerse a esta convocatoria as persoas integradas nos seguintes colectivos:

Autónomos e PEMES con ata dez persoas empregadas, que cumpran os requisitos seguintes

- 1) Ser titular dunha actividade situada no termo municipal de Vilaboa e teña domicilio fiscal en Vilaboa
- 2) Que a actividade estivese pechada durante o ano 2020/2021 debido ás medidas restrictivas de protección fronte a COVID - 19, tanto de ámbito estatal como autonómico.
- 3) Que a actividade estea incluída nalgunha das seguintes agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas:

671 Servizos en restaurantes.

672 Cafeterías.

673 Cafés e bares, con e sen comida.

- 4) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha micro empresa ou pequena empresa. A micro empresa e as pequenas empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- 5) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Vilaboa, respectivamente.
- 6) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 7) A participación no programa de bonos consumo implica a aceptación das presentes bases.

6. BONOS DE CONSUMO

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

- O importe dos bonos ten a consideración de subvención municipal
- Os bonos teñen un valor de 5 € e 15 € que se poderán aplicar como desconto nas consumicións en bares/ cafeterías e restaurantes respectivamente.
- Cada persoa poderá solicitar un máximo de 2 bonos, un de bar/ cafetería e outro de restaurante.
- Os bonos teñen un valor de 5€ en bares/ cafeterías e 15€ en restaurantes e cada un dos importes se considera o gasto mínimo que se poderá realizar en cada establecemento.
- Os bonos só se poderán canxear nos establecementos adheridos a este programa de bonos.
- Os bonos terán validez de uso até o 30 abril de 2022 por parte dos consumidores, e canxeable ate o 31 de maio de 2022 para os establecementos.
- O bono será nominativo e estará asociado ao DNI/NIE da persoa solicitante.
- A listaxe cos nomes dos consumidores que soliciten os bonos será entregado a cada establecemento para poder cotexar os mesmos.
- O programa de bonos comercio terá como prazo o día 30 de abril de 2022 inclusive para consumidores e 31 de maio de 2022 inclusive para o cambio de bonos por parte dos establecementos e poderá prorrogarse en caso de non terse esgotado a contía da axuda.

7. PRINCIPIOS DE XESTIÓN

Os bonos consumo teñen a consideración de subvención pública.

A xestión deste programa realizarase de acordó cos seguintes principios:

- Publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo Concello
- Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de Subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvención resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o dito requirimento estivese correctamente atendido.

O procedemento se iniciará de oficio mediante resolución municipal que acorde a convocatoria pública das subvencións e aprobada polo órgano competente. De conforme no previsto no artigo 20.8. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiránse á Base de datos nacional de subvencións a información requerida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base a o seu extracto no BOPPO.

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local, de acordo ao artigo 127 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Ley Reguladora das Bases de Régimen Local.

8. FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE BONOS

- I. Os establecementos interesados en adherirse ao programa de bonos presentarán a súa solicitude na sede electrónica do Concello na forma indicada na base 9.
- II. O Concello publicará na páxina web a listaxe dos establecementos colaboradores que se adhiran o programa.
- III. As persoas interesadas no bono farán a súa solicitude no propio Concello na forma indicada na base 10.
- IV. O bono presentase polo consumidor no establecemento colaborador elixido
- V. No momento da consumición, o establecemento colaborador comprobará que o bono corresponde con un dos cidadáns que solicitaron o bono a través de listaxe facilitada polo Concello.
- VI. Admítense como documentos de venta as facturas completas ou as simplificadas (ticket).
- VII. Unha vez descontados os bonos das compras, o establecemento colaborador presentará a xustificación ante o Concello na forma indicada nas bases e éste procederá a aboar os importes dos bonos canxeados.

9. ESTABLECEMENTOS COLABORADORES: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención dirixiranse ao Sr Alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vilaboa, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Non obstante, as persoas xurídicas e demais suxeitos obrigados a relacionase por medios electrónicos coa administración, previstos no artigo 14.2 da LPAC, deberán presentar unicamente a súa solicitude a través da Sede Electrónica do Concello (<https://vilaboa.sedelectronica.es>).

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no BOPPO.

A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados que estarán publicados na sede electrónica do Concello (<https://vilaboa.sedelectronica.es>) **CAMPAÑA DE BONOS O CONSUMO EN VILABOA.**

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QFE9YTEF7YG | Corrección: https://vilaboa.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14



Concello de Vilaboa

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

A) Documentación xeral

- NIF/CIF/NIE da persoa **física ou xurídica** titular da actividade
- Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA)
- Certificación de IAE
- Certificado de titularidade de conta bancaria.

B) Declaración responsable:

Declaración responsable (ANEXO I) que conterá os seguintes apartados:

1. Que coñece e acepta íntegramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
2. Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.
3. Que, desde a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro do 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 16- bis, 26/01/2021) procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual do negocio do que titular e/ou cotitular.
4. Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de Vilaboa.
5. Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.
6. Que manterá a alta no seu réxime da Seguridade Social, por un mínimo de 12 meses dende a recepción desta subvención.
7. Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.

A admisión a trámite da solicitude non xerará compromiso algún de concesión de aquela.

Unha vez comprobado polo órgano instructor os datos remitidos na solicitude, o establecemento solicitante recibirá un correo electrónico para confirmarlle a súa adhesión.

10. BENEFICIARIOS: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DOS BONOS E PRAZO

1. A presentación de solicitudes para obter os bonos de consumo realizarase no Concello en horario de 09.00 a 14.00 horas de luns a venres.
2. Será necesaria a firma da solicitude así como a declaración responsable por parte do cidadán, xunto coa presentación do DNI/NIE da persoa solicitante.
3. O programa dos bonos terá a súa duración até o 30 de abril de 2022 inclusive, sempre que queden bonos disponibles e sen perxuízo da posible prórroga prevista na base 6.
4. Poderase recoller os bonos una vez publicada na páxina web do Concello a listaxe definitiva de establecementos adheridos a campaña dos bonos consumo.

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QRFE9YTFE7YG | Corrección: https://vilaboa.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 14



Concello de Vilaboa

5. A concesión das axudas realizarase mediante a comprobación da concorrencia na persoa solicitante dos requisitos sinalados nestas bases ata o esgotamento do crédito.

11. RESOLUCIÓN E RECURSOS PARA OS ESTABLECEMENTOS COLABORADORES

A resolución de concesión, ditada polo órgano competente, terá lugar unha vez feita a xustificación polos establecementos colaboradores. A resolución terá á relación de beneficiarios ou consumidores, os importes dos bonos descontados que serán aboados os establecementos colaboradores onde se descontasen. A mesma será publicada no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal, surtindo esta publicación os efectos da notificación, de acordo o artigo 45 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Dende a data de recepción da solicitude na sede electrónica do Concello de Vilaboa, o prazo para revisar, valorar e resolver sobre a concesión o desestimación da axuda solicitada será de 6 meses. Transcorrido este prazo sen resolución expresa produciranse os efectos do silencio administrativo desestimatorio.

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes a partir do día seguinte a súa publicación-notificación, de acordo ós artigos 123 e 124 da Ley 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas: o recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses ante o correspondente Xuzgado do Contencioso Administrativo, de conformidade cos artigos 8 e 46 da Ley 29/1998, de 13 de xulio, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

13. COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS

Esta axuda será compatible con calquera outra concedida polas distintas administracións públicas con competencia neste eido, sempre que non superen o custo total dos gastos subvencionables.

14. EMENDA DAS SOLICITUDES

A unidade tramitadora comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previsto no artigo 21 da antedita lei.

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QFE9YTFE7YG | Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 14



Concello de Vilaboa

15. FINANCIAMENTO

O importe destinado a esta convocatoria é de 25.000 €, condicionado á consignación suficiente nos orzamentos do 2022, realizárase con cargo á partida orzamentaria 431/22699/01

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia do Concello.

16. CONTÍA DAS AXUDAS

A contía das axudas resultará de dividir o importe total, entre as persoas beneficiarias que poden obter 1 bono de 5€ e 1 de 15€.

A concesión de axudas estará condicionada a dispoñibilidade orzamentaria, e en todo caso, ata esgotarse o crédito destinado da convocatoria.

17. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

1. As axudas xustificaranse ao final do periodo de validez dos bonos, sempre que estes foran consumidos. Os establecementos beneficiarios presentarán os bonos enumerados xunto ao ticket ou factura de consumo no Concello en horario de 9:00 a 14.00 hrs.
2. Comprobarase que efectivamente o bono enumerado corresponde ao da lista que estará en posesión dos técnicos da concellería que emitirá informes ao departamento de Tesourería para que sexan aboados o antes posible mediante transferencia bancaria á conta indicada na solicitude.
3. O importe do ticket/factura de compra deberá ser igual ou superior ao importe do/s bono/s de tal forma que se esgote integramente en cada consumición
4. Non estará permitido ceder os bonos concedidos e non consumidos dunha persoa a outra
5. O prazo para utilizar os bonos será ata o 30 de abril de 2022 inclusive.
6. O prazo máximo para xustificar os bonos será ata o 31 de maio de 2022 inclusive.
7. Os bonos non utilizados deberán entregarse no Concello xunto coa xustificación por parte das persoas beneficiarias. De non ser así, unha vez rematado o prazo de xustificación entenderase que non se fixo uso deles e procederase a anulalos.

18. COMPROBACIÓNS

As persoas beneficiarias, os establecementos colaboradores e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a súa xustificación, estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar canta documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden, dentro do ámbito da Administración concedente e outras

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QRFE9YTEF7YG | Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14



Concello de Vilaboa

administracións públicas que teñan atribuídas funcións de control financeiro según o disposto no artigo 46 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O establecemento colaborador terá a obriga de conservar durante catro anos, dende a concesión da axuda, a documentación relativa a esta convocatoria.

19. INCUMPRIMENTOS

O incumprimento por parte dos establecementos de calquera dos requisitos e obrigacións establecidos nas presentes bases, dará lugar a declaración da perda total o parcial do dereito á percepción da axuda.

20. PERDA DO DEREITO AS AXUDAS, REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

- 1) Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de Xuño, de Subvencións de Galicia.
- 2) A obtención, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que impidisen, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da totalidade da axuda e ao seu reintegro. Esta circunstancia é constitutiva dunha infracción moi grave, segundo o artigo 53.a) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e poderanse impoñer as sancións, recollidas no artigo 61.1 da mesma lei, de multa pecuniaria proporcional do dobre á tripla da cantidade indebidamente obtida.

21. PAGO ANTICIPADO

Non se efectuará pago anticipado para esta subvención.

22. TRATAMENTO DOS DATOS

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía Dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE (Regulamento xeral de Protección de Datos que se atopan vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e

Concello de Vilaboa

C/ Touroal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QRFE9YTFE7YG | Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 14



Concello de Vilaboa

garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico info@vilaboa.org.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagardara do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección Civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

DISPOSICIÓN FINAIS

1. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.
2. Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOPPO.

O ALCALDE

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QFE9YTEF7YG | Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 14



Concello de Vilaboa

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SOLICITUDE

D/

D^a _____,

con DNI _____, teléfono _____

e enderezo _____

DECLARA:

Estando interesada en participar na convocatoria da Campaña do Bono Consumo do Concello de Vilaboa, declara baixo a súa responsabilidade que:

1º.-Estar empadroadado/a no Concello de Vilaboa no enderezo facilitado nesta solicitude

2º -Non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións do Concello de Vilaboa, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvención de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3º.- Está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Así mesmo autoriza ao Concello a solicitar os certificados a emitir pola administración tributaria e a Seguridade Social.

3º.- Solicitou ou recibiu outras subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención: SI ou NON (riscar o que non proceda)

En caso afirmativo, indicar procedencia e contía.

Relación de axudas por organismos públicos ou entidades privadas para a mesma finalidade	Importe

E para que así conste, aos efectos da solicitude da subvención, subscribo a presente, en,de.....de 202...

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QFE9YTEF7YG | Corrección: https://vilaboa.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14



Concello de Vilaboa

Sinatura.....

ANEXO II

SOLICITUDE DE COBRO DE BONOS CONSUMO

D/

D^a _____,

con DNI _____ en nome propio ou en representación

de _____

Denominación do establecemento _____

DETALLE DE BONOS

Núm. bono	Persoa beneficiaria	Nº Fra	Data	Contía BONO	Forma pagamento

TOTAIS DA SOLICITUDE DE COBRO PRESENTADA

TOTAL BONOS:€

IMPORTE TOTAL:€

En.....,de.....de 202...

Concello de Vilaboa

C/ Tournal, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QFE9YTEF7YG | Corrección: https://vilaboa.sedelectronica.es/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión esPublico | Páxina 13 a 14



Concello de Vilaboa

Sinatura.....

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387



Cod. Validación: 62056XKZP3TAT2QFE9YTEF7YG | Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14